



BASES DE PARTICIPACION NA IV CERVEFEIRA. FEIRA DA CERVEXA ARTESÁ DE SADA.

- 1.-A IV Cervefeira. Feira da cervexa artesá de Sada terá lugar nas carpas situadas no Paseo Marítimo os días 5, 6 e 7 de outubro de 2018.
- 2.-A Feira permanecerá aberta ao público co seguinte horario:
Venres día 5: dende as 19:00 ás 01:00 horas.
Sábado día 6: dende as 12:00 ás 15:00 e de 18:00 ás 01:30 horas.
Domingo día 7: dende as 12:00 ás 20:00 horas.
- 3.-Poderán presentar solicitude de participación as persoas físicas e xurídicas así como as pequenas empresas que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de elaboración de cervexa artesá.
- 4.-Os participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:
Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente á actividade que desenvolva.
Estar dado de alta na Seguridade Social no réxime correspondente, e estar ao corrente de pago das súas obrigas fiscais e da S. Social.
- 5.-A firma e presentación da solicitude de participación constitúe un compromiso irrevogable por parte do solicitante de aceptar e acatar as normas específicas da Feira establecidas nas presentes bases, así como as disposicións concretas que para o bo desenvolvemento do evento fosen establecidas pola organización.
- 6.-Os interesados en participar deberán achegar o modelo normalizado de solicitude, Anexo I das presentes bases, acompañado da seguinte documentación.
Fotocopia do DNI/NIE/CIF do solicitante.
No caso de persoas xurídicas achegar tamén fotocopia do DNI do representante legal.
Declaración responsable na que xustifique o cumprimento dos requisitos establecidos na O.F. Nº16 do Concello de Sada para o exercizo da venda ambulante.
As instancias solicitando tomar parte na IV Cervefeira 2018 presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. O prazo de presentación de instancias será do 15 ao 25 de setembro de 2018 (a.i.)
- 7.- Os vehículos poderán acceder a zona da Feira para descargar o stand e retiraranse inmediatamente antes de empezar a montalo.
- 8.-Antes da montaxe dos postos, cada participante deberá presentar copia do certificado do número de rexistro sanitario, así como copia do xustificante do ingreso bancario correspondente á cantidade a abonar en concepto de taxa. No caso de non asistencia o día de montaxe ou de cancelación, o Concello de Sada cobrará o 100% do ingreso efectuado en concepto de gastos de anulación e danos e perxuizos a organización.
- 9.-Todo cervexeiro artesá poderá colocar no seu espazo calquer elemento decorativo ou de merchandising da súa marca. As medidas máximas de cada posto son de 3x3 metros.
- 10.- Respetaranse todas aquelas indicacións especificadas na Ordenanza Fiscal nº16, art.16.2b) do Concello de Sada.

11.- O prezo da montaxe do posto e de noventa euros (90€) polos 3 días de Feira. A taxa deberá abonarse unha vez sexan autorizados e notificados os solicitantes, intres a partir do cal dipoñen de 3 días para efectuar o pago da mesma. O núm. de conta donde face-lo pago é ABANCA ES40 2080 5161 85 3110007604 aparecendo como concepto o nome da cervexa participante.

12.- Non está permitido a venda de cervexa que non sexa artesá e ningún tipo de produto de alimentación. Tampouco se poderán servir petiscos.

13.- O servizo de abastecemento de auga e luz realizaránse nos lugares establecidos a tal fin pola organización. Os asistentes disporán dun punto de limpeza de vasos facilitado pola organización.

14.- A montaxe dos stands deberá efectuarse o venres día 5 de outubro, a partires das 15:00 h. A partires das 18:30 h. todo a montaxe deberá estar finalizada para proceder a inauguración.

15.- A organización encargarse de vender os vasos de cristal conmemorativos da Feira e a cervexa só podera comercializarse nos vasos conmemorativos.

16.- O pago do stand inclúe vixiancia nocturna, actuacións, actividades lúdicas, mesas e bancos, publicidade do evento, auga e electricidade.

17.- Terase especial coidado co estado das cervexas, retirándose de inmediato aquelas que non sexan aptas para o consumo ou que estean en malas condicións. O incumplimento deste punto pode provocar a expulsión da Feira.

18.- Na feira haberá:

Restaurante con carpa propia na que se venderá exclusivamente comida, quedando prohibida a venda de calquera bebida alcohólica.

Haberá un cupo máximo de 15 cerveceiros.

Stand do Concello onde se venderán os vasos ao precio dun euro (1€), que servirá para sufragar os gastos de organización.

Mesas e bancos colocados polo Concello para uso das persoas que se acheguen á Feira.

19.- Haberá concertos o venres e sábado pola noite, DJ sabado e domingo durante todo o horario de apertura.

20.- Cada cerveceiro ten que cobrar a cervexa que el mesmo venda. O prezo mínimo da caña será de dous euros (2€).

21.- Cada cerveceiro deberá traer un cable de alargadera para conectar a electricidade. A lonxitude mínima do cable será de 10 m.l. A iluminación está incluída.

22.- O último día da Feira farase un sorteo e cada posto debe aportar un mínimo de dúas botellas para confeccionar os premios. Sortearánse ademais agasallos doados por empresas sadenses. Cada participante aportará un pack de dúas botellas destinadas a realización de actividades co público asistente realizados por un/a animador/a.

Sada, 29 de agosto de 2018.-



Asdo. Xosé Lois Suárez Becerra
Concelleiro delegado de Promoción Económica e
Medio Ambiente.